



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, COMERCIO
Y TURISMO



Escuela de
organización
industrial



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA



ESPAZO COWORKING
COSTA DA MORTE

XORNADA **DEMODAY**

Emprendedores. Propietarios
do noso futuro

Un proxecto financiado por:



Unión Europea
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

XULLO DE 2020

O PROGRAMA GO2WORK ESPACIOS COWORKING EOI



¿QUÉ **E**?

- Un espacio de trabajo destinado a emprendedores innovadores.
- Diseñado para aumentar las probabilidades de éxito de proyectos innovadores en fase temprana de desarrollo.
- Con un objetivo: lograr que los emprendedores en poco tiempo puedan poner en marcha sus proyectos.
- Un nodo del ecosistema emprendedor impulsado por EOI, con acceso a networking, formación y oportunidades de inversión.

¿QUÉ APORTA **O EMPRENDEDOR**?

- Las ideas: Plan o Idea de Negocio.
- La ilusión y energía: Para impulsarlo en 5 meses.
- El compromiso: Asistencia Obligatoria.

¿QUÉ APORTA **EOI**?

- Espacio: Acceso a área común de trabajo y a salas de reuniones.
- Compañía: Tutores y mentores, además de un programa formativo especializado.
- Ecosistema: Formar parte de una Red EOI de 50 espacios Coworking por toda España y participación en eventos específicos.

¿QUEN PODE **PARTICIPAR**?

- Emprendedores innovadores con proyectos empresariales en fase temprana de desarrollo.
- Emprendedores innovadores que creasen la empresa recientemente (máximo 6 meses antes de incorporarse al espacio).

PROGRAMA DA XORNADA DEMODAY

EMPRENDEDORES. PROPIETARIOS DO NOSO FUTURO



10:30 BENVIDA

- PRESENTACIÓN DE PROXECTOS
- CLAUSURA DO ACTO

MENTORES PARTICIPANTES NO DO ESPAZO COWORKING EOI CABANA DE BERGANTIÑOS

- NOELIA **RODRÍGUEZ**
- FÁTIMA **AGUIÓN COSTOYA**
- MARCOS **BALBOA**
- ALEXANDRE **BASTOS**
- MAR **CASTRO**
- BEATRIZ **CIBREIRO**
- MARTA **CONDE**
- BEGOÑA **COSTA**
- LUCIANO **COVELO**
- DAVID **FERNÁNDEZ**
- LALO **GARCÍA**
- JAVIER **GERMADE**
- MARÍA **SIERRA**
- JOSÉ MANUEL **SUÁREZ**

PROXECTOS EMPRENDEDORES PARTICIPANTES NO DEMODAY DO ESPAZO COWORKING CABANA DE BERGANTIÑOS



KIWANDA

www.kiandalabs.com

Emprendedores: Santiago Álvarez, Francisco Robredo e Ángel Hernández

En Kiandalabs.com somos expertos en solucionar os problemas de inventario, trazabilidade e mermas das empresas grazas á tecnoloxía RFID.

Somos especialistas no sector hortofrutícola, onde logramos que os nosos clientes acaden un produto "ready to eat" cun control de inventario e trazabilidade automatizado, que proporcionan unha redución considerable en mermas, así como un incremento notable da produtividade grazas á mellora de procesos baseada na tecnoloxía.



HOUSING CORUÑA

www.housingcoruna.com

Emprendedora: Isabel Arias

Housing Coruña nace co obxectivo de ofrecer unha axuda personalizada e diferenciadora aos propietarios de vivendas ou investidores inmobiliarios que queiran dedicar as súas propiedades ó aluguer vacacional ou de tempada, buscando un maior rendemento pero sen ter que renunciar aos privilexios de ser propietario. Housing Coruña desenvolve proxectos para poñer no mercado aloxamentos no que os hóspedes se sintan como na súa casa, pero coa posibilidade de vivir experiencias diferentes que só un enclave xeográfico como A Coruña podería ofrecerlles.



EMOTIONA

Emprendedora: Mónica Cotel

Emotiona baséase no benestar das persoas maiores no eido rural da Costa da Morte, centrando o foco na persoa e identificando as súas habilidades e competencias, para xerar un proxecto no que sentirse produtivos. Por outro lado, cremos de vital importancia coidar o estado emocional dos que coidan.

Na nosa misión, estamos implicados na mellora da calidade de vida e na creación de novas redes de apoio entre iguais, a través de programas colaborativos coas persoas senior nos que abordamos aspectos cruciais do eido físico, psíquico e social a través dunha dinámica lúdica.



O FOGAR DO CARPINTEIRO

www.ofogardocarpinteiro.es

Emprendedora: Olga Formoso

O Fogar do Carpinteiro é un lugar con alma, con historia e moito sentimento. O seu nome é unha homenaxe a tres xeracións de carpinteiros que labraron esta pequena xoia.

Estamos situados en Canedo, pequena e encantadora aldea no Concello de Carnota. O Fogar é unha casa con capacidade para 10 persoas, distribuídas en 4 habitacións, dous baños, salón comedor e cociña. Ten á súa disposición unha leira totalmente cercada de 3000 m², con grellada, zona chill out e comedor exterior. A maiores do aloxamento a nosa oferta céntrase no turismo consciente e experiencial para gozar da nosa contorna.

PROXECTOS EMPRENDEDORES PARTICIPANTES NO DEMODAY DO ESPAZO COWORKING CABANA DE BERGANTIÑOS




SUPERBIA

Emprendedor: Jesús Leis

Superbia é unha comercializadora que introduce bebidas importadas no mercado español.

Como primeiro proxecto apostamos polo vodka polaco de sabores Soplica, unha das marcas máis antigas de vodka. O cliente deste vodka e o coñecido como “chupiteiro”, que busca o equilibrio entre calidade e prezo. Soplica ofrece esta calidade e un bo sabor a un prezo accesible.



HOLISTIC HOUSE

Emprendedora: Ana López

Holistic House naceu co propósito de crear experiencias centradas na calma e o benestar interior, dende unha perspectiva holística.

A práctica do ioga e pilates é a canle a través da cal comezamos cada experiencia, combinada coa opción de aloxamento con 14 habitacións e 4 grandes salas habilitadas para a práctica.

Creamos programas de estilo de vida saudable, a través de retiros que acollen practicantes de todos os niveis e estilos. Se amas o movemento, valoras o crecemento persoal, a paz interior e buscas aventura, este é o teu espazo.



REFUXIO DO NÁUFRAGO

Emprendedoras: Digna Romar, Iria Rodríguez e Andrea Rodríguez

O Refuxio do Náufrago nace como un proxecto innovador dentro do turismo de Camelle, ofrecendo tres produtos cunha alta demanda e nula oferta como conxunto: hospedaxe, obradoiros de gastronomía con produtos do mar e área de dinamización ligada ao mundo mariñeiro.

Un aloxamento diferente onde os clientes poidan gozar e programar unha visita activa e cultural sen necesidade de saír de Camelle, todo isto unido a un servizo de calidade e unha arquitectura e decoración que esperamos fagan deste negocio un dos referentes da Costa da Morte.



ISLOW.CO

Emprendedora: Inés Silva

iSlow Co é un establecemento turístico ubicado no concello de Laxe, que ofertará unha carteira de servizos de aloxamento e ocio relacionados co benestar e un estilo de vida slow.

A promotora Inés Silva, que conta con máis dunha década traballando no mundo da tecnoloxía, busca ofrecer a nómadas e profesionais do mundo dixital, un espazo de comunidade no que converxan os servizos e iniciativas do mundo global cunha experiencia no rural galego. A cociña tradicional, o produto local e orgánico así como o contacto coa natureza, xogarán un papel fundamental nas actividades que se desenrolan en iSlow Co.

PROXECTOS EMPRENDEDORES PARTICIPANTES NO DEMODAY DO ESPAZO COWORKING CABANA DE BERGANTIÑOS



CENTRO GASTRONÓMICO - CULTURAL

Emprendedores: Luis Miguel Antelo e María Victoria Fernández

O Centro Gastronómico Cultural é un espazo con tres salas centrais (gastronómica, cultural e deportiva) para persoas que buscan un trato máis personalizado e/ou exclusivo en relación á oferta habitual na comarca. Falamos, pois, dunha proposta fundamentada en alternativas culturais, gastronómicas e deportivas que dean cabida a inquietudes un tanto desmarcadas do convencional, xa pola vía da aposta polo local, xa polo exótico.



LOXO

Emprendedor: Esteban Bértoa

Loxo é unha tapicería centrada no sector do automóvil. Traballamos dende a restauración de interiores para clásicos contemporáneos, á reparación dos desperfectos en vehículos do día a día. Sempre aplicando un proceso artesanal da máis alta calidade, para recuperar a estética e a funcionalidade dos interiores tanto de coches, coma de furgonetas ou autobuses.



ONE SURF ACADEMY

www.onesurfacademy.com

Emprendedores: Carlos Fernández e José Antonio Varela

One Surf Academy é un club de surf para surfeiros autodidactas que se atopan estancados na súa progresión. Cunha metodoloxía propia e específica, achegamos as claves necesarias para romper coas súas limitacións e mellorar as sensacións nas súas sesións de surf.



UBUNTU LIFE



Emprendedores: Loreto Núñez e Gabriel González

O proxecto empresarial Ubuntu Life, xorde coa finalidade de crear conciencia medioambiental e un xeito de vida saudable mediante a práctica de actividades de ocio acuáticas. Persegue a preservación do medio natural nun lugar onde a natureza se conserva no seu estado orixinal. A variedade de recursos, extensión e entorno, convérteno á ría de Camariñas nunha localización idónea para a creación dunha empresa de multiaventura acuática na Costa da Morte.

PROXECTOS EMPRENDEDORES PARTICIPANTES NO DEMODAY DO ESPAZO COWORKING CABANA DE BERGANTIÑOS

Fabiola.
TU CHEF



FABIOLA • TU CHEF

fabiolatuchef.es

Emprendedora: Fabiola Lema

Son "Fabiola tu Chef", cociñeira a domicilio para eventos privados e para preparar o menú semanal diario da casa. O cliente non ten que cociñar en toda a semana, planificamos o seu menú diario axudando a que se leve unha alimentación máis saudable, e deixamos a comida preparada en recipientes que o cliente só terá que quentar no momento de consumila.

Os nosos eventos privados van dirixidos a clientes que non lles gusta a cociña, e queren sorprender ós seus invitados cun servizo exclusivo e de calidade.



A SALGA

Emprendedora: Paloma Riveiro

A Salga é un proxecto local para Corme, unha tenda de pobo que quere achegar produtos frescos, produtos de calidade e produtos de consumo diario a clientes da zona, co valor engadido dun servizo de reparto a domicilio.

O proxecto comezou coa idea de ser unha tenda de produtos a granel, que tras a análise de mercado evoluiu cara a un proxecto máis ambicioso que é o de abrir un Ultramarinos en Corme Porto.

NSA
Novas Solucións Ambientais



NSA

Emprendedor: Manuel Santos

En NSA **Nuevas soluciones ambientales** temos como misión aplicar a tecnoloxía para reducir o impacto do home no medio ambiente. Ofrecemos ás empresas e á administración, solucións que melloran a conservación da natureza dende a prevención, ata a recuperación do dano causado pola actividade humana.



ESPACIO COLABORATIVO

Emprendedora: Patricia Vaquero

Un espazo de traballo aberto e flexible onde os/as profesionais poidan desenvolver os seus negocios. Dirixido a mulleres emprendedoras, freelance e pequenas empresas que necesiten un espazo de traballo onde recibir aos seus clientes, relacionarse con outros/as profesionais e crear proxectos e colaboracións con tódolos servizos que necesiten.

www.eoi.es



XORNADA DEMODAY
PROXECTOS COWORKING
IGAPE_EOI

XULLO DE 2020

Coworking IGAPE - EOI

cwcabana@eoi.es



MINISTERIO
DE INDUSTRIA, COMERCIO
Y TURISMO



Escuela de
organización
industrial



Unión Europea
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA